

GAL



RUTAS DESDE **Santiago**



Santiago de Compostela vén sendo, por tradición, un punto de chegada. Á cidade conducen as moitas rutas que, baixo o nome de Camiño de Santiago, seguen os peregrinos dende hai milleiros de anos para chegar á tumba do Apóstolo, pero tamén as modernas vías que traen aos visitantes por terra e por aire. Situado no centro do territorio galego, Santiago de Compostela, como punto de partida, ofrece a posibilidade de achegarse en moi pouco tempo a outros lugares de interese da variada e fascinante xeografía de Galicia.

RUTAS DESDE Santiago



<https://www.santiagoturismo.com/itinerarios>



DL C 2025-2023

FOTOS PORTADA

© **Turismo de Santiago:** Mirador de Cabezoás, Faro de Fisterra, Fervenxa do Toxa.

© **Axencia de Turismo de Galicia (ATG):** Muralla de Lugo

FOTOS CONTRAPORTADA

© **Axencia de Turismo de Galicia (ATG):** Castelo de San Felipe, Parador de Baiona, Fervenxa do Ézaro.



Índice

1	A Costa da Morte - Fisterra	4
2	Rías Baixas - Barbanza. Paisaxes míticas	7
3	Lugo: cidade romana	10
4	Padrón: a orixe da lenda xacobeá	12
5	Ourense e O Ribeiro. Vilas medievais entre viñedos	14
6	Rías Baixas - Salnés. Vilas mariñeiras	16
7	Rías Altas - Costa Ártabra. Mares de lendas	19
8	Ribeira Sacra - Canóns do Sil. Os mares interiores	22
9	Pazos e xardíns históricos	24
10	Galicia meridional - Norte de Portugal	26





RUTA 1 Costa da Morte – Fisterra

Praia de Carnota (©ATG)

A viaxe a Fisterra, a fin da terra para os romanos, e a recortada e perigosa Costa da Morte, é un rito ineludible para todos os que visitan Galicia. Terra de lendas ancestrais e de naufraxios, posúe unha beleza melancólica e salvaxe. Bordéase a ría de Muros e Noia desde o seu fondo, onde está a vila de Noia, para chegar ao pintoresco e mariñeiro Muros. Despois, xa en mar aberto, divísanse os extensos areas de Carnota, onde está un dos hórreos xigantes de Galicia. Pola aba do mítico Monte Pindo e por Ézaro, continúaase cara a señorial vila de Corcubión, de orixe medieval. Ao final espéranos o cabo de Fisterra, considerado o extremo máis occidental do continente, que marca o inicio da Costa da Morte.

A personalidade da Costa da Morte está profundamente marcada pola súa condición de límite occidental de Europa. En realidade, o punto do continente situado máis ao oeste é o portugués Cabo da Roca, pero dende a Antigüidade o home considerou este lugar coma o Finis Terrae, a fin do mundo, a porta do Máis Alá.

Á súa chegada a este lugar, os romanos presenciaron e relataron o espectáculo do sol afundíndose no océano Atlántico, unha estampa gravada na imaxinación colectiva dos antigos dende tempos moi remotos. Fisterra é a fin de moitos camiños. Ata aquí prolóngase a viaxe para cumprir os últimos ritos da peregrinación xacobeá chegando ata o lugar onde se pon o sol, para volver a nacer, símbolo da renovación da vida.

Fronte a estas costas navegou e navega boa parte do tráfico marítimo do Atlántico Norte. A costa abrupta, moi recortada, e as tormentas e temporais do inverno, explican que a Costa da Morte teña sido escenario de multitude de naufraxios. Fronte ao mar é posible ver cruces que recordan ás súas vítimas. De aí o seu nome.

É unha terra de misterio, lendas e mitos. A súa beleza paisaxística e interese cultural convértena nunha zona única e de especial encanto.

Muros

Orientada cara o sol do sur, e abrigado polas montañas de Carnota e de Mazaricos, o porto medieval de Muros, Conxunto Histórico-Artístico e principal estación turística do Finisterrae, é a entrada simbólica que dá paso á Costa da Morte.

No fermoso cadro arquitectónico conservado nas vellas rúas de nomes suxestivos, destacan as construcións relixiosas sobre as civís, o que lembra a pertenza de Muros á Mitra Compostelá. Entre elas, a Igrexa de San Pedro (s.X), a antiga Colexiata de Santa María e actual Igrexa parroquial de San Pedro de Muros (s.XII), na que predomina o estilo oxival sobre os restos románicos e conserva sepulcros dos s. XV e XVI.



Monte Pindo (©ATG)

Carnota

O longo hórreo de Carnota, Monumento Nacional, dá celebridade a esta vila conserveira, situada entre interminables praias e a maxestosa altitude do ancestral monte Pindo.

O hórreo de Carnota e o seu tradicional pombal, que forman parte do conxunto parroquial ao que tamén pertencen a Igrexa de Santa Comba, o camposanto e a reitoral, son un típico exemplo da arquitectura rural galega.

O espazo ecolóxico de Carnota, que chega ata a punta de Caldebarcos, xunto ao máxico monte Pindo, fascinante polo seu



Hórreo de Carnota

pouco habitual ton rosado, acolle unha variedade importante de especies migratorias e forma un conxunto único de dunas e marismas cunha lagoa interior. A grande praia está considerada como unha das máis longas e fermosas de Galicia.



Cabo Fisterra

Fisterra

Fisterra posúe todo o magnetismo dun dos lugares míticos da Antigüidade. Os poboadores de Europa vían neste punto o fin da terra coñecida, a porta do Más Alá. A imaxe do sol agochándose sobre as augas do Atlántico aterraba e fascinaba a todo aquel que se asomara a este extremo occidental do continente. Os rochosos acantilados de Fisterra, en loita constante coas augas do océano, contribuíron desde sempre a alimentar a lenda deste lugar.

Fisterra, Finisterre, Finis Terrae, é un territorio marcado polo fin, o ocaso, o límite, lugar ao que hai que chegar para emprender o retorno.

No núcleo urbano desta vila con sabor mariñeiro son de interese, entre outros, o porto do pobo e o Castelo de San Carlos. Onde comeza a subida cara o mítico faro, está ademais o Santo Cristo de Fisterra, imaxe que se atopa na Igrexa de Santa María das Areas (s. XII).

O faro de Fisterra foi rehabilitado polo arquitecto galego de fama mundial César

Portela, gañador do Premio Nacional de Arquitectura, que é tamén autor do insólito e arriscado camposanto que se pode ver na subida cara o faro, motivo en si mesmo de múltiples visitas.

Sen embargo, aquí é sen dubida a paisaxe a verdadeira protagonista: a liña de costa cos seus acantilados, as praias agrestes e o propio océano. E o cabo de Fisterra, na vangarda do océano, que mira a unha infinita distancia que se perde no mar.

E non hai que esquecer as excelencias da gastronomía, baseada nos mellores produtos do mar, entre os que destaca o longueirón, marisco emblemático da zona.

Na 'fin da terra' finaliza esta ruta, que volve a Santiago polo interior -Negreira, Bertamiráns-, por unha paisaxe verde, ondulada, que contrasta coa inmensidade do mar que acabamos de deixar atrás.



RUTA 2 Rías Baixas – Barbanza. Paisaxes míticas

Corrubedo (©ATG)

Con pasado celta, é una terra rotunda, de fortes contrastes, dominada pola serra do Barbanza, un enorme bloque de granito que se mete no mar separando dúas das Rías Baixas: a de Muros e Noia e a de Arousa. Esta zona concentra importantísimas áreas de interese paisaxístico -Miradoiro da Curota, onde cabalos e vacas viven en liberdade-, natural -Dunas de Corrubedo- e arqueolóxico -como o espectacular Castro de Baroña ou o solitario Dolmen de Axeitos-, ademais de vilas mariñeiras con pasado medieval, como Noia e A Pobra do Caramiñal.

Os seus montes son balcóns privilexiados sobre as Rías Baixas e dan paso a extensos areais brancos e lagoas na súa costa, destacando pola súa importancia natural o complexo de dunas de Corrubedo, que inclúe as lagoas de Carregal e Vixán. Está ademais rodeado por monumentos megalíticos e prehistóricos (celtas), coma o espectacular castro de Baroña, e por vilas mariñeiras con pasado medieval.

Ría de Muros e Noia

As rochas graníticas condicionan a maior parte das paisaxes naturais desta ría, como queda patente na península acantilada do castro de Baroña, na marxe meridional, e no monte Louro, na setentrional, que é un dos montes máis bonitos de Galicia, e protexe, cal bastión defensivo, as transparentes augas e os areais desta ría.

Castro de Baroña (©ATG)



Ría de Arousa

A máis estensa das Rías Baixas remata polo norte coa brusca serra do Barbanza, mentres que polo sur bordéana as terras de perfís suaves da península do Salnés. Salpícanas numerosas illas e illotes coma Sálvora na súa entrada, Arousa, no seu sector central, e Cortegada no fondo, case en contacto coa desembocadura do río Ulla.

A amplitude da ría propiciou que desde antigo fora unha vía aberta ao comercio, pero tamén ás invasións medievais de normandos e árabes, de cuxa presenza son testemuña



Torres de Oeste - Catoira (©ATG)

as defensivas Torres do Oeste, en Catoira. Segundo a lenda, por esta ría chegou ata Padrón, poboación situada no vértice da ría, a barca que transportaba as reliquias do Apóstolo Santiago.

Noia

Situada no fondo da ría de Muros e Noia, esta poboación foi importante na historia de Galicia, e conserva aínda un interesante casco antigo de orixe medieval. Na vila hai dous templos que figuran entre os máis importantes da arquitectura galega: Santa María A Nova (s. XIV), que contén interesantes lápidas gremiais, e San Martiño (s.XV). Destaca tamén o de San Francisco e, en canto a espazos urbanos, a rúa de O Curro, coa Casa da Escola de Gramática.



Santa María A Nova (©ATG)

Castro de Baroña

‘Castro’ é o nome que recibe un tipo de poboamento característico, defendido por parapetos e fosas, que existiu no noroeste da Península Ibérica e particularmente en Galicia, dende a Idade do Ferro ata moi avanzada a romanización. As vivendas que máis comunmente se relacionan cos castros son dunha típica forma circular, similares ás famosas pallozas.

O castro de Baroña é espectacular porque se encaixa de proa no mar. Situado sobre unha península que só se une a terra por un pequeno istmo de area, esta situación e o bo estado de conservación, convérteno nun dos máis fermosos e impresionantes escenarios da cultura ‘castrexa’ e ‘celta’. O castro está declarado Patrimonio Artístico Nacional.

Dolmen de Axeitos

O dolmen de Axeitos, chamado popularmente 'Pedra do Mouro' leva con nós 4.000 anos. Tivo, como todos os monumentos megalíticos deste tipo, uso funerario. O dolmen estaba oculto baixo un túmulo de terra e tiña un corredor de entrada, hoxe desaparecido, orientado cara o sol nascente.



Dolmen de Axeitos

Dunas de Corrubedo

A xigante duna móbil da praia de Corrubedo, formada por un conxunto de dunas continuamente remodeladas polo vento, é única no litoral de España polo seu tamaño - alcanza 2,5 km de longo e pode chegar aos 15 m de alto-, e porque a acompañan dúas lagoas: una de auga doce (Vixán) e outra de auga salgada (Carregal), que compoñen unha zona de marismas de alto interese natural.



A Pobra do Caramiñal desde A Curotiña (@ATG)

Ribeira

Santa Uxía de Ribeira é un pobo economicamente puxante pola importancia do seu porto pesqueiro, conserva aínda algúns restos da antiga vila mariñeira.

A 368 m sobre o nivel do mar, o cumio da Curotiña é o mellor lugar para ter unha perspectiva case aérea das Rías Baixas e, en días claros, incluso ata Portugal. Desde alí compróbase a serenidade característica das rías mentres, aos nosos pés, barcos, bateas e pobos mariñeiros parecen figuras dunha enorme maqueta. E pastando aquí e aló, os cabalos salvaxes do Barbanza, os verdadeiros señores da paisaxe.

A Pobra do Caramiñal

Vila señorial resultado da unión de dúas poboacións anteriores, que ao xuntarse compuxeron o topónimo desta poboación. Ten casas con escudos e castelos como as Torres de A Xunqueira. Flota sobre a vila a sombra de Ramón María del Valle-Inclán (1866-1936), un dos principais autores literarios de Galicia, que ten aquí o seu museo. A Pobra é moi coqueta, sobre todo a alameda, orgullo dos seus habitantes.



RUTA 3 Lugo: cidade romana

Muralla de Lugo

Cidade romana por excelencia, a imaxe de Lugo estivo indisolublemente unida tanto ás súas murallas como á súa excelente e historicamente afamada gastronomía, baseada nos produtos dos seus sempre verdes prados.

Con máis de 2.000 anos de historia, Lugo foi a única poboación de Galicia que ostentou o rango de capital de convento xurídico durante a época romana. Fundada por Paulo Fabio Máximo no ano 14 a.C., daquela datan as súas murallas, declaradas Patrimonio da Humanidade, cun perímetro de máis de 2.600 m e numerosos cubos semicirculares. A pesar das reformas, constitúen o mellor recinto amurallado romano de toda a península, que conserva aínda as dúas vías reitoras -cardus e decumanus- do trazado orixinario romano.

Na beira do río Miño, cruzado tamén por unha ponte de orixe romana, consérvanse dúas salas dunhas termas daquela época. Dentro das murallas atópanse as súas rúas e prazas máis significativas, así como os principais monumentos, a cuxa cabeza se

sitúa a catedral, que ostenta o privilexio da exposición continua do Santísimo, razón pola cal Lugo se coñece como a 'cidade do Sacramento'.

A Catedral comezouse cara 1129, na súa construción interviñeron diferentes mestres, e non se concluíron as súas naves ate o século XIII. Especial relevancia ten a porta norte polos magníficos pantocrátor e pinxante, este coa última cea de Cristo. Ámbalas dúas pezas son as mellores da escultura románica lucense.

O Convento de San Francisco, que conserva o sobrio claustro medieval, foi convertido en Museo Provincial e custodia importantes coleccións de ourivería castrexa e pintura galega. O templo anexo e o de San Domingos cóntanse entre as principais manifestacións do gótico mendicante.

O Concello, así como antigas casas e brasonadas casonas e outras igrexas, contemplan o patrimonio artístico desta cidade de rúas quedas e estreitas, nas que o tempo parece estar detido.



Catedral de Lugo



Castro de Viladonga (©ATG)

Castro de Viladonga

O castro de Viladonga, importante sobre todo entre os séculos II e V d.C., é un dos máis impresionantes que se poden visitar. Responde aos patróns típicos deste tipo de asentamentos característicos de Galicia dende a Idade do Ferro ate moi avanzada a romanización. Varias murallas e fosos acollen unha ampla acrópole ou coroa central, na que hai vivendas, currais, almacéns e edificios de uso social.

De Viladonga destaca ademais o seu museo, exemplar polo seu grande esforzo didáctico, que axuda a entender a vida dos antepasados castrexos de dous milenios atrás e que contén unha moi interesante maqueta a escala.



RUTA 4 Padrón: a orixe da lenda xacobeá

Igrexa de Santiago de Padrón

A vila de Padrón estivo dende sempre moi vinculada a Compostela. Parece que o seu nome pode proceder de 'pedrón', pedra na que supostamente amarraron a barca que trasladou o corpo do Apóstolo Santiago dende Palestina ate as costas galegas. O Sar, o río de Compostela, é tamén o de Padrón, co que quedan así vinculados por este brazo de auga. Pola súa proximidade á desembocadura do Ulla, Padrón foi no Medioevo parada obrigada na saída dos composteláns cara o mar e dársena de entrada dos peregrinos que chegaban do océano.

Visita obrigada é a Casa Museo de Rosalía de Castro, nas aforas de Padrón, en fronte da estación de tren padronesa, coñecida tamén como Casa da Matanza, que é o nome do lugar. Nela pasou os últimos anos da súa vida a escritora Rosalía de Castro, figura principal das letras galegas.

A só un par de quilómetros está o Convento Franciscano de Herbón. O cenobio aséntase ao carón dunha mesta carballeira e do río Ulla, famoso polas

súas lampreas, troitas e salmóns. De Herbón saíron os primeiros pementos de Padrón, que parece que trouxeron de México os monxes franciscanos no século XVI. Son un dos produtos máis coñecidos da gastronomía galega e, segundo advirte o dito 'os pementos de Padrón, uns pican e outros non'.

Padrón, burgo de orixe medieval, conserva aínda o encanto do pasado nos seus recunchos: o Pazo do Bispo de Quito, a praza de Macías O Namorado, lendario trobador desta terra que morreu a mans do marido furioso cando cantaba a dor do seu amor imposible.

O 'pedrón' do que fala a lenda xacobeá atópase debaixo do altar da igrexa parroquial de Santiago, mandada construír por Xelmírez, o arcebispo de Compostela. Atravesando pola ponte de Santiago, chégase á fonte do Carme. No seu arco, gravada na pedra, a barca onde os discípulos trasladaron o corpo do Apóstolo. Seguindo a empedrada costa chégase ao Convento do Carme,

erguido sobre a rocha granítica da ladeira do monte de San Gregorio. A igrexa, única zona accesible á vista, é distinguida e fermosa. Dende o atrio, unha visión planimétrica de Padrón e o seu contorno.



Pimientos de Padrón

Iria Flavia e A Escravitude

Iria Flavia é un topónimo de forte evocación, mais de difícil explicación. Foi a sede episcopal ate o seu traslado a Santiago no século XI. Hoxe é Igrexa parroquial de Santa María de Adina. As torres piramidais e a portada románico-oxival dan conta do seu esplendor pasado.

No contorno da igrexa xacen ao aire libre interesantes sepulcros antropomorfos da época sueva. O camposanto de Iria, ao carón da igrexa, foi fielmente retratado nas nostáxicas palabras da poetisa Rosalía de Castro. Nel xacen os restos doutro grande literato: o premio Nobel Camilo José Cela, oriúndo de Iria Flavia.

Fronte ao templo parroquial, unha interesante composición de edificios do S. XVIII, coñecida como Casa dos Cóengos, acolle o pequeno Museo de Arte Sacro de Iria Flavia, o museo do ferrocarril John

Trulock e a Fundación Camilo José Cela, con obxectos e recordos persoais do escritor. No xardín lateral repousan para sempre as locomotoras Sarita e Sestao, pioneiras en percorrer o trazado férreo galego.

O Santuario de A Escravitude, que sinala o límite das terras de Padrón, asómase á estrada case coma se dunha torre vixía se tratase. Conta a lenda que un home que ía camiño de Compostela sandou subitamente da súa enfermidade despois de beber auga desta fonte. Agradecido, loaba á Virxe por liberalo da escravitude do seu mal, o que explica a orixe do nome do lugar. Pola esquerda do templo, sae un camiño que chega cara a pequena e solitaria igrexa parroquial, de ábsida románica.

Igrexa de Iria Flavia





RUTA 5 Ourense e O Ribeiro. Vilas medievais entre viñedos

Catedral de Ourense

A comarca do Ribeiro, situada en torno ao curso medio do río Miño, ten un variado repertorio de atractivos culturais, paisaxísticos e gastronómicos que fan desta zona unha das máis interesantes da Galicia interior. A súa localidade máis importante é Ribadavia.

A auga, a dos seus ríos, a dos seus balnearios e a dos seus encoros, xoga un papel fundamental na personalidade da zona. Ao seu paso por estas terras, os ríos Miño, Arnoia e Avia forman sucesivos remansos e fervezas, producindo deste xeito a paisaxe emblemática do Ribeiro. Nos vales fluviais aséntase a maior parte da poboación da bisbarra. O relevo é suave, de formas redondeadas, o chan fértil, e o clima benigno.

Os bosques frondosos acompañan as canles dos ríos. Entre todos os cultivos, a miúdo dispostos en vistosos bancais ou 'socialcos', destaca a vide. As diversas variedades da Denominación de Orixe 'Ribeiro', proporcionaron aos viños destas terras unha reputación de calidade xa recoñecida en tempos do Imperio Romano.

O paso dos séculos deixou unha grande riqueza monumental en forma de vilas medievais, mosteiros, igrexas, conventos e pontes e, aínda que non existen grandes alturas, a zona conta con varios miradoiros que se abren ás paisaxes de viñedos e hortas tan características desta rexión.

Río Miño - Ourense



Ourense

Cidade ribeira á beira do Miño, é a capital da única provincia galega que non ten mar. Tivo importancia xa na época romana por ser un lugar idóneo para atravesar o Miño. Daquela altura datan os alicerces da súa Ponte Vella, que segue a ser referencia esencial da cidade.

Destaca, alén disto, pola súa catedral (S.XII e posteriores), e especialmente o Pórtico do Paraíso, emulación do Pórtico da Gloria de Santiago de Compostela. E

polas igrexas de San Francisco –gótica-, da Trindade, de Santa Eufemia e de Santa María a Nai. E, por suposto, tamén polas rúas, prazas e xardíns do seu coidado casco histórico, no que se respira o ritmo quedo e o bo vivir dunha vella cidade de provincias.

Ourense é ademais a cidade das ‘Burgas’: tres fontes termais, con temperaturas que se achegan aos 70°C, cuxa orixe orixinou moitas teorías.

Ribadavia

Esta localidade, capital do Ribeiro, ocupa a confluencia dos ríos Avia e Miño, no camiño entre Ourense e Vigo. A paisaxe que a arrodeia é de vales fluviais, viñedos e suaves outeiros.

No XII comeza o seu período de expansión comercial e demográfica, aproveitando a forza dos mosteiros veciños de San Clodio e Melón. A partir de aí, Ribadavia acolleu unha numerosa comunidade xudía, que participaba do próspero negocio vinícola e cuxa influencia está aínda patente.

A súa vida económica, moi próspera entre os séculos XV e XVII, estivo sempre ligada ao viño. Os seus caldos son recoñecidos en Europa dende a Antigüidade e exportados ao Novo Mundo tras o Descubrimento.

Entre as construcións civís destacan o Castelo dos Condes de Ribadavia (S. XV), en cuxo interior existen enterramentos escavados en rocha viva do século IX e un sepulcro do século XII; o Barrio Xudeu, conxunto único en Galicia, ou as murallas (s. XII-XV), que chegan nalgúns puntos aos 5,50 m de altura e conservan tres das súas cinco portas orixinais, e tamén a Casa da Inquisición (s. XVI), que na súa época vixiou especialmente aos xudeus conversos, sospeitosos de herexía. O

repertorio relixioso fórmalo a igrexa e convento de San Domingos, a igrexa de Santiago, a igrexa de Santa María de Oliveira, a igrexa de San Xoán e a capela de Nosa Señora do Portal.

Ademais da arquitectura, Ribadavia ten outros moitos atractivos culturais. O ‘Museo Etnolóxico’, situado nun pazo (s. XVIII), posúe unha excelente colección e un dos mellores fondos bibliográficos en temas históricos de Galicia. E está tamén a moi concorrida ‘Festa da Istoria’, celebración cuxa orixe se remonta ao século XVII e que, durante un día, o último sábado de agosto ou o primeiro de setembro, traslada a Ribadavia ao Medioevo: traxes de época, bailes e música, mercado, artesanía, recreación das vodas xudías..., todo é medieval ese día, mesmo se adopta o marabedí como moeda oficial.

É moi curioso descubrir que en Ribadavia a influencia hebrea aínda está presente: en varios establecementos séguense elaborando de forma artesanal doces xudeus, como o ‘kamisch-broit’, o ‘ma’amul’ ou as ‘masiñas de mapoulas’.



RUTA 6 Rías Baixas – Salnés. Vilas mariñeiras

Ría de Arousa

A ruta contorna a península do Salnés, entre as Rías Baixas de Arousa e de Pontevedra, rías resgardadas, moi produtivas, sementadas de bateas nas que medran os mellores mexillóns do mundo, e de illas grandes e pequenas: Ons, na ría de Pontevedra, e Arousa, Sálvora, Cortegada e A Toxa, na de Arousa. Nas ribeiras do Salnés hai moita arte e historia. Nas súas beiras asentáronse cidades fermosas coma Pontevedra, pequenos pobos mariñeiros -Combarro, O Grove, Cambados-, centros turísticos e residenciais -Sanxenxo, Portonovo, San Vicente do Mar,

mosteiros -Poio, Armenteira-, e multitude de pazos e casas señoriais, que dan conta da riqueza dunha terra que é ademais unha das principais rexións vinícolas de Galicia, produtora de caldos Albariños e Barrantes.

Todo un mundo en miniatura, moi concorrido por galegos e foráneos durante a época estival polo seu agradecido clima, as magníficas praias, os saborosos peixes e mariscos e a variedade de servizos turísticos.



Praza da Peregrina

Pontevedra

No fondo da ría do mesmo nome, e nas beiras do río Lérez, o casco histórico de Pontevedra, de orixe medieval, destaca polo seu bo estado de conservación. A pesares de que parece unha cidade pequena, recorre a sempre leva máis tempo do esperado, porque son moitos os seus encantos. O Museo Provincial, a Igrexa da Peregrina (s. XVIII), barroca e con forma de vieira, a de Santa María a Maior (s. XVI), a recollida praza da Leña, os soportais da Ferrería, ou a rúa de San Telmo, son só algúns dos puntos de interese desta cidade que é ademais capital da provincia do mesmo nome.

Combarro

Combarro é a estampa da Galicia mariñeira que un espera atopar. As casas e hórreos practicamente metidos no mar foron inmortalizados en milleiros de fotos e carteis, construíndo a típica imaxe das rías galegas. Combarro ten a denominación oficial de Conxunto Histórico-Artístico.



Combarro

A Lanzada

A Lanzada é unha inmensa lingua de area branca que mira ao océano, grazas á que a península do Grove se mantén unida a terra firme. Pero é tamén, pola súa relación cos ritos de fecundidade, unha praia profundamente vinculada ao misticismo que se atribúe aos galegos: a tradición asegura que tomar un baño de nove ondas durante unha noite de lúa garante a fertilidade. No seu flanco sur, mirando cara o mar e a poñente, ten unha preciosa ermida románica (s. XIII) acompañada polos restos dunha torre medieval (s. X).

Sanxenxo y Portonovo

Malia que hai pouco máis de medio século Sanxenxo e Portonovo eran só dúas pequenas aldeas de pescadores, hoxe en día son as capitais do veraneo de Galicia. As súas praias e a súa movida nocturna son un forte imán para galegos, resto de españois e para os veciños portugueses.

Ermida da Lanzada (©ATG)





Praza e Pazo de Fefiñáns (©ATG)

Illa da Toxa

Illa luxosa, famosa polas propiedades das súas augas, que deron nome a unha marca de produtos cosméticos e minerais internacionalmente coñecidos. Na Toxa o ambiente é selecto, e os servizos turísticos -hoteles, balneario, casino- de primeira calidade e con grande tradición, que nalgúns casos datan de principios do século XX. Un dos seus atractivos é a súa peculiar capela de San Sebastián completamente cuberta de cunchas de vieira.

O Grove

A península do Grove, só levemente enganchada ao continente, ten en realidade personalidade de illa. Moi frecuentada no verán, é coñecida principalmente pola calidade dos seus mariscos, que a converten na capital da gastronomía mariñeira. Pero tamén por lugares coma o monte Siradella, que cos seus 167 metros sobre o nivel do mar é o punto máis elevado da rexión e tamén o seu mellor miradoiro. O seu centro urbano ten multitude de tascas, tabernas e restaurantes onde serven exquisitos mariscos e peixes.



Mirador Siradella (©ATG)

Cambados

Cambados ostenta o título de 'Moi Nobre Vila'. Esa nobreza apréciase nas centenarias pedras que compoñen a praza de Fefiñáns (s.XVII), co seu señorial pazo e a románica Igrexa de San Bieito (s.XVI) que a franquea. Cambados é a capital indiscutible do viño Albariño, que celebra a súa festa a primeira fin de semana de agosto.



RUTA 7 Rías Altas – Costa Ártabra. Mares de lenda

Garita de Herbeira (©ATG)

A ruta discorre dentro dos límites da provincia da Coruña, pegada á costa chamada Ártabra, país dos ártabros.

Antigas lendas da tradición oral celta que comparte Galicia con Irlanda falan de Breogán, fillo de Brath, coma o rei fundador da cidade de Brigantia ou Briganza (Art-o Briga), quen tería construído nesa cidade (a actual A Coruña) unha torre ou faro que máis tarde reconstruíron os romanos e rebautizaron como Torre de Hércules. Sen embargo, Breogán é moito máis ca iso: é o pai mítico non só dos ártabros, que habitaron estes territorios, senón de toda a nación galega.

A paisaxe desta zona é unha fusión de mar e montaña, cun litoral de numerosas e bonitas praias, unhas serenas e recollidas, situadas no seo das rías, outras salvaxes, virxes e abertas ao océano. O relevo das serras da Faladoira e da Capelada conforma un terreo fermoso

pero difícil, que alcanza ao borde do mar alturas superiores aos 500 m, formando espectaculares acantilados. É unha terra de miradoiros naturais, cruceiros, bosques, cabalos salvaxes e lendas, onde está o santuario rural máis famoso de Galicia: San Andrés de Teixido.

A primeira etapa da ruta percorre unha ribeira sinuosa, rica en paisaxes, conformada polos numerosos cursos fluviais que desembocan nesta zona de suaves contrastes, con estuarios, bosques frondosos, vilas mariñeiras e reflexos do mar.

Antes de chegar a Cedeira, vemos numerosas e belas praias como Vilarrube, Pantín e Valdoviño. Preto desta última encóntrase a lagoa de Valdoviño. En conxunto, areal e lagoa forman un Espazo Natural en Réxime de Protección Xeral.



San Andrés de Teixido (©ATG)

San Andrés de Teixido

Pasada Cedeira, dirixímonos a San Andrés de Teixido, un dos lugares de culto e peregrinación máis importantes de Galicia.

Conta a lenda que San Andrés, un dos doce Apóstolos, chegou en barco ata os acantilados de Teixido. Alí envorcou a embarcación, que quedou convertida nunha pena coñecida como A Barca de San Andrés. Ninguén lle prestou axuda, pero recibiu de Deus a promesa de que tería un santuario e unha romaría á que, vivos ou mortos, haberían de acudir todos os mortais ata a fin dos días. De aí o dito popular que di que a San Andrés de Teixido 'vai de morto o que non foi de vivo'.

Ferrol

Unha das sete urbes máis importantes de Galicia, e ata fai uns anos tamén un dos maiores estaleiros de España, Ferrol constitúe a cidade ilustrada de maior dimensión de Europa realizada sobre o mar. Unha cidade trazada coa razón, marcada polo seu urbanismo ortogonal, a súa arquitectura lineal e modernista e a silueta das súas antigas industrias navais. Pero as construcións máis importantes

Cedeira

Cedeira, ou Cetaria, do latín 'cetus' (atún ou balea) é unha tranquila vila mariñeira que non chega aos 8.000 habitantes, con parte antiga de rúas estreitas compostas de pequenas e lindas casas, algunhas con pedras de armas. No ano 1953 foi declarado Municipio de Interese Turístico.

Sábese que o mosteiro de San Andrés existía xa no século XII, aínda que o edificio actual se empezou a construír no século XVI e continuouse no XVII e XVIII. Ademais da significación relixiosa e da beleza e potencia da paisaxe, San Andrés de Teixido é todo un exemplo do arraigo de tradicións de orixe remoto, como os exvotos colgados nas árbores.

A pouca distancia de San Andrés de Teixido está o Miradoiro da Garita de Herbeira dende onde hai unhas vistas espectaculares do maior acantilado de Europa: 600 m de caída sobre o mar, cunha pendente superior ao 80%.

de Ferrol son, sen dúbida, o castelo de San Felipe, levantado na entrada da ría por Felipe II, e os Arsenais Militares, cuxa historia se remonta ao ano 1749. En torno a eles articuláronse grande parte das sinais de identidade da cidade.



Torre de Hércules (©ATG)

A Coruña

A Coruña é unha cidade rodeada de mar, que parece que vai desprenderse do seu istmo para volver a converterse na illa que foi hai milleiros de anos. Desde a época romana viviu do comercio marítimo. Os seus importantes portos -comercial, pesqueiro, e deportivo- falan da súa vocación mariña.

O estupendo paseo marítimo, balcón sobre o océano, aproxímaa aínda máis ao mar. Por el recórrese toda a península e accédese ao Parque Celta e ao romano Faro de Hércules, o máis antigo do mundo en funcionamento, símbolo inconfundible da cidade e declarado Patrimonio da Humanidade. Tamén ao Museo Arqueolóxico, situado no castelo de San Antón, ao fabuloso Acuarium, e á Domus, á Casa do Home que, xunto coa Casa das Ciencias, no parque de Santa Margarita, e o Museo de Belas Artes, son os principais equipamentos culturais e

didácticos dunha cidade que presume dunha rede de museos que conta tamén con pequenas xoias, coma o Museo de Arte Sacro, o Museo dos Reloxos e a Casa Museo de Emilia Pardo Bazán.

A Mariña, coas súas casas de cristais, a rúa Real, ideal para as compras, a praza de María Pita e o sereno casco histórico, de casas de pedra e rúas empedradas, onde destacan a Colexiata e a Igrexa de Santiago, son outros tantos atractivos dunha cidade cunha grande densidade de poboación pero tamén cunha grande calidade de vida.

A especial unión da cidade co mar apréciase con toda claridade dende o monte de San Pedro, miradoiro privilexiado que no pasado ocupaban as baterías de costa e que foi reconvertido en parque urbano.



ruta 8 **Ribeira Sacra – Canóns do Sil.** **Os mares interiores**

Mirador de Cabezoás

A Ribeira Sacra comprende as terras do interior nas que se unen os ríos máis caudalosos de Galicia: o Sil e o Miño. Nos seus últimos quilómetros antes de desembocar no Miño á altura de Os Peares, o Sil flúe na fronteira entre as provincias de Lugo e Ourense ao longo dun profundo canón, que nalgúns puntos acadada unha profundidade duns 500 m, creando desta forma unha paisaxe impresionante e pouco común, sinal de identidade deste territorio.

Estas paisaxes naturais tan potentes foron ocupadas nos inicios do cristianismo por monxes e eremitas de vida ascética que buscaban o silencio e a natureza privilexiada destas terras e que, co paso do tempo, levantaron florecentes mosteiros. De aí o nome Ribeira Sacra, do que existe constancia escrita dende o século XII.

Ademais de cenobios, esta zona de Galicia conta cun valioso patrimonio, no que non faltan castelos, igrexas, pazos e pontes.

A vexetación da ribeira componse de bosques de carballos, castaños e aciñeiras. Entre os cultivos destacan os viñedos, dispostos en bancais ou 'socalcos', que contemplados dende o río dan conta do esforzo humano por aproveitar ao máximo estas terras das que saen os viños comercializados coa denominación de orixe Ribeira Sacra, sendo nos tintos a variedade Mencía a máis cultivada, con caldos de grande calidade, afroitados e moi aromáticos e, con menor produción, a variedade Godello para os brancos, que acompañan as exquisitas troitas da zona.

Castro Caldelas

De Castro Caldelas impresiona a súa situación, co imponente castelo no cumio do outeiro, e os impresionantes bancais das ladeiras. Son tamén de interese a Igrexa de Santa Isabel e o Santuario da Virxe dos Remedios.

Santo Estevo de Ribas de Sil

Na mesma ribeira do río Sil está o soberbio Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, cenobio beneditino orixinario do século VI, rehabilitado para uso hoteleiro pola marca Paradores. Conserva un notable claustro románico, aínda que con alteracións do século XVI. Ademais do románico, a súa estrutura e decoración contan con elementos góticos, renacentistas e barrocos. No 1923 recibiu o recoñecemento de Monumento Histórico-Artístico.



Santo Estevo de Ribas de Sil (©ATG)

Doade

Aquí está a maior extensión de cultivo de vide de uva de Amandi, incluída na Denominación de Orixe 'Ribeira Sacra'. Recoméndase a visita a unha bodega e a cata destes excelentes caldos galegos.

En catamarán polos mares interiores de Galicia

O percorrido en catamarán, un delicioso cruceiro polos canóns do Sil, transcorre por paraxes de gran encanto. As augas remansadas e as formacións de pedras do canón crean un grandioso espectáculo para os sentidos. Nas beiras hai pequenos embarcadoiros utilizados polos viticultores da zona para transportar a uva en época de colleita.

Dende o barco vese, no alto, o famoso Mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil, igrexa do século XII con interesante rosetón románico e claustro do XVI, de cuxa ábsida se cre que saía un túnel. Dí a tradición que se se pasa a través dos castaños ocos que hai no entorno 'caracoñas' cúrase o 'tangaraño' -raqutismo-, pero seguro que tamén funciona cos males modernos.

Monforte de Lemos

Considerada a porta da Ribeira Sacra, Monforte -'monte forte'-, vila medieval, conta cun extenso patrimonio: mosteiros, castelos, pazos, conventos e pontes, que o converten nunha parada imprescindible, na que destacan o mosteiro de San Vicente do Pino, a Torre da Homenaxe e os exiguos restos do Pazo dos Condes de Lemos.

A herdanza medieval monfortina complétase coas murallas e torres xunto coas rúas do casco vello, como a rúa da Cadea Vella, a rúa dos Fornos ou a rúa do Burato, onde hai numerosas casas con escudos. Nestas rúas asentouse nos últimos anos da Idade Media unha numerosa comunidade xudía -a máis importante de Galicia xunto coa de Ribadavia- que contribuíu a impulsar a vida comercial da vila.

Destaca ademais a Ponte Vella, construción de orixe romano -a súa actual configuración é do século XVI-, o Convento das Franciscanas Descalzas -tamén chamado das clarisas, que alberga un dos museos de arte sacra máis importantes de España- e o Colexio Nosa Señora da Antiga, un imponente edificio renacentista coñecido coma 'o pequeno Escorial galego', en cuxo museo se conservan varias obras de El Greco.



RUTA 9 Pazos e xardíns históricos

Pazo de Oca

A ruta discorre pola comarca que rega o río Ulla. A súa paisaxe, vexetación e antigos monumentos fan dela unha rexión de altísimo interese, que pola súa relación con Santiago, debe ser considerada como o xardín e horta da cidade.

Domina a paisaxe que percorre esta ruta a silueta do Pico Sacro, o cumio máis fermoso e simbólico de Galicia, visible na composición de extensos horizontes. O Pico, lugar mítico, coñecido xa na Antigüidade latina, foi escenario da evanxelización polo Apóstolo, quen, con só o sinal da Cruz, fixo caer inútil ao tremendo dragón que o habitaba, símbolo da paganía. Foi ademais, segundo a lenda, o lugar onde os discípulos do Apóstolo Santiago amansaron dous touros bravos para que trasladaran o corpo do Apóstolo ao lugar sobre o que hoxe se ergue a Catedral.

Nos días claros pódese albiscar dende alí o conxunto dos grandes edificios de Compostela, agrupados á volta das torres basilicais, o val do río Ulla, e mesmo o mar da ría de Arousa, na que aquel desemboca.

Pazo de Santa Cruz de Ribadulla e Pazo de Oca

Os pazos son vivendas de arquitectura nobre típicas da Galicia rural, que tiveron o seu máximo esplendor entre os séculos XVII e XIX. Entre eles destacan os dous que se inclúen durante este itinerario: o Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, tamén chamado de Ortigueira, e o Pazo de Oca, ámbolos dous nas inmediacións de Santiago de Compostela.

Acostuman enlazarse cos castelos, presentándoos como unha derivación propia de tempos menos guerreiros. Sen embargo, o estilo xenuíno dos pazos debe máis á arquitectura labrega e monástica do que á militar das fortalezas. As torres son non só decorativas, senón necesarias para tomar o sol e contemplar a paisaxe. A solaina ábrese ao patio para vixilancia e como posto de honra. Moitas veces a festa popular celebrábase no patio a onde dá a capela, e a solaina é o palco de invitados de calidade. Na decoración predomina o barroco. Transportado ás cidades, sabe



Pazo de Santa Cruz de Ribadulla

ordenarse en rúas e conserva moito do seu estilo sen que se confunda coa arquitectura estritamente burguesa nin aínda coas casas nobres derivadas de antigas casas fortes da cidade.

Aínda que os interiores destas dúas edificacións non son visitables, si o son os seus estupendos xardíns, auténticos monumentos da natureza que destacan pola variedade e porte das súas especies e polo seu paisaxismo. Ámbolos dous contan cunha parte de xardín, outra de bosque e as terras de labor. As diferenzas entre os xardíns refírense á concepción orixinal, máis voluptuosa, espectacular e selvática no de Ribadulla, seguindo os parámetros do xardín de tipo inglés, máis coidado, decorativo e coqueto no de Oca, que ten un deseño máis elaborado que xoga coa pedra e a auga.

Fervenza do Toxa


Fermoso espectáculo de auga, luz e son, formado por unha fervenza de auga do río Toxa entre as parroquias de Pazos e Martixe (Silleda), considerada a máis alta de Galicia en caída libre. Constitúe un espazo de gran valor paisaxístico. Nas súas proximidades atopamos o Mosteiro de Carboeiro, edificio de especial relevancia dentro do románico galego.

Onde máis poderosa e variada se amosa a vexetación é no xardín do pazo de Santa Cruz de Ribadulla. Carballeiras galegas, venerables oliveiras, viven secularmente ao carón de magnolios e eucaliptos, e son dunha beleza real e melancólica as avenidas de mirtos rubidos por liques brancos e grises. E alén disto está habitado, o que lle transmite a calor dos monumentos vivos, e comercializa camelias moi cobizadas entre os vendedores maioristas.

En Oca, as torres decorativas e o xardín de mirtos, rosas e labirintos, conservan a graza incomparable do XVIII. Un magnífico acueduto, labrado e decorado, alimenta estanques dignos dunha vila cardinalicia, e os vellos castiñeiros forman avenidas.

Os pazos galegos fixéronse tema literario, sobre todo a partir das novelas galegas da señora Pardo Bazán e de Valle Inclán.

Fervenza do Toxa





RUTA 10 Galicia meridional – Norte de Portugal

Tui

‘Portugal é o amante e Galicia a amada’, recolle poeticamente un dito popular. A relación dos dous países, separados polo vigoroso Miño, marca a primeira parte do itinerario dunha ruta que é un deleite á vez paisaxístico e monumental. Son terras señoriais cultivadas de viñedos, terras veciñas, con miradoiros dun país a outro e fortalezas defensivas.

Tui

Tui é unha catedral-fortaleza rodeada de igrexas e de casas de granito, moitas delas brasonadas ou con arcos conopiais dos séculos XV e XVI, que se organizan en rúas con lousa de trazado medieval. Ten un casco histórico todo de pedra, que conserva restos da antiga muralla, con rúas que caen cara o río e con praciñas miradoiro sobre o país veciño. O casco histórico de Tui, declarado Conxunto Histórico-Artístico, sorprende, ademais de pola súa beleza, pola súa serenidade.

O percorrido empeza na Catedral e descende despois pola rúa da Misericordia, onde sae ao paso a capela de San Telmo (1769-1803), patrón de Tui, exemplar único do Barroco portugués en Galicia, edificada sobre a casa onde morreu ese santo dominico no século XIII.

Do carácter fronteirizo ribeirense desta poboación, que foi unha das sete capitais do antigo Reino de Galicia e que sufriu ataques normandos e árabes, dan conta tanto a súa espectacular localización sobre o río, mirando á fortaleza irmá de Valença do Minho, como a ponte internacional de ferro, atribuída ao famoso enxeñeiro francés Eiffel. Por Tui pasa, ademais, o Camiño de peregrinación chamado Portugués, que leva a Santiago de Compostela.

Pola súa proximidade ao mar, a gastronomía é rica en mariscos, pero sobre todo está unida aos produtos do Miño, entre os que sobresaen as angulas e as lampreas. Tui, que pertence á denominación de orixe ‘Rías Baixas’, rega a súa gastronomía con exquisitos viños Albariños.

Valença do Minho

A Fortaleza de Valença do Minho é o correlato da de Tui ao outro lado do río, xa en terras portuguesas. Sen embargo, é menos recia e recolecta, máis luminosa, e o seu carácter portugués nótase tamén no seu empedrado, distinto do galego, e na brancura dos seus edificios, moitos deles decorados cun elemento característico da arquitectura portuguesa: o azulexo. Valença está salpicada de pequenas igrexas e nichos de estilo barroco.



Catedral de Tui (©ATG)

Santa María de Oia

A ruta sae de A Guarda rumbo a Baiona bordeando en todo momento a costa pola estrada coñecida como o Rompeondas, o que garante unha estupenda paisaxe.

Na metade do camiño está o Mosteiro de Santa María de Oia (s. XII), espectacular pola súa situación encarada completamente ao océano, o que o converte quizais no único cenobio tan definitivamente relacionado co mar.

Santa Trega y A Guarda


A escasos quilómetros do Rosal está A Guarda, un dos municipios con máis encanto de Galicia. O océano Atlántico, o estuario do río Miño e o monte Santa Trega, conforman un extraordinario marco de grande riqueza natural e histórica, ao que hai que engadir como atractivo de primeira orde a calidade da súa gastronomía.

Dende a vila accédese ao monte de Santa Trega, con excepcionais miradoiros sobre a desembocadura do Miño, cara o sur, e sobre a vila mariñeira que se acaba de atravesar, cara o norte. Santa Trega, que está percorrido de sendeiros, ten petróglifos da Idade do Bronce, e está tamén o castro, poboado galaico-romano -celta- reconstruído e espectacular pola súa situación, declarado Monumento Histórico-Artístico Nacional.

Baiona

Baiona, de apelido 'a Real' en virtude dos privilexios reais que lle foron concedidos no Medievo para o comercio marítimo, é actualmente un importante enclave turístico. Coñecida principalmente polo castelo de Monterreal, antiga fortaleza hoxe Parador de Turismo 'Conde de Gondomar', pola súa colexiata románica do século XIII e por ser o porto ao que arribou a carabela La Pinta, unha das tres embarcacións coas que Cristovo Colón descubriu América.

Baiona converteuse nunha das localidades máis importantes da navegación deportiva de toda a Península Ibérica.



EXCURSIONS GUIADAS desde Santiago



Máis info:

www.santiagoturismo.com/actividades-santiago

